Coordenadas: 43°22′39.32″N 8°24′23.49″O

Wikipedia

Casa do Home

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

A **Casa do Home**, máis coñecida como **DOMUS**, é un museo coruñés, o único interactivo conceptual e monográfico sobre o ser humano. Algunhas das súas montaxes máis interesantes son unha colaxe que representa a *Gioconda*, realizada con 10.062 fotografías de persoas de todo o mundo, imaxes dun parto, elaborar un menú e comprobar se é equilibrado ou ver os latidos do propio corazón. Foi inaugurado en abril de 1995[1] e é obra de César Portela e Arata Isozaki.

Domus



Casa do Home

País	Galicia
Cidade	A Coruña
Tipo	Científico, Cultural
Inauguración	1995
Sitio Web	http://mc2coruna.org/domus

Índice

Contidos

Conta con 1.500 m² de exposicións, 300 deles na sala Severo Ochoa, de exposicións temporais, e unha sala de proxeccións de cinema en grande formato. Ten excelentes vistas ás praias de Riazor e Orzán.



Logotipo da Domus.

As exposicións oferecen uns 200 módulos interactivos. Ademais de fornecer información, esixen ser accionados mediante algún mecanismo, frecuentemente en forma de xogos sinxelos, para entender o seu funcionamento. As áreas temáticas denomínanse Eu (a identidade), Nós (demografía), Bioquímica e Xenética, Paisaxes (medios de exploración do corpo e imaxes microscópicas de tecidos e células), Reprodución e desenvolvemento embrionario, Sentidos, Corazón e sistema circulatorio, Comer para vivir (nutrición e sentidos do gusto e o olfacto), Sistema motor, O pé, Cerebro, Equilibrio, habilidades e linguaxe.

A sala de proxeccións denomínase Leonardo da Vinci. As proxeccións son de grande formato (8/70) magnavisión sobre unha pantalla de 80 m2. Conta cunha potencia de 7.000 vatios de luz e 4.000 de son, con 17 altofalantes.



En 2015 inaugurouse a sala Maker, dedicada á robótica.[2]



Expedición Balmis

Como lembranza da Real Expedición Filantrópica da Vacina, expedición científica que levou a vacina da varíola a América, inaugurouse un monumento na balconada do museo.[3]

Galería de imaxes

Vexa o artigo principal en Galería de imaxes da Casa do Home

			
Fachada que dá á Enseada do Orzán	Cabeza do vixilante da entrada da Domus, Botero	Obra de Botero	Entrando na Domus

Homenaxe aos membros da expedición Balmis na Casa do Home da Coruña				
 Vicente Ferrer, 7 anos	 Juan Antonio, 5 anos	 Antonio Veredia, 7 anos	 Pascual Aniceto, 3 anos	 José Manuel María, 6 anos
 Gerónimo María 7 anos	 Francisco Antonio, 9 anos	 Francisco Florencio, 5 anos	 Nome descoñecido	 Cándido, 7 anos
 Tomás Melitón, 3 anos				 Juan Francisco, 9 anos
 Clemente, 6 anos	Balcón Balmis na casa do home da Coruña, homenaxe ás persoas da expedición.			 José, 3 anos
 Andrés Naya, 8 anos	 Domingo Naya, 6 anos	 Manuel María, 3 anos	 Martín, 3 anos	 Benito, 9 anos
 Jacinto, 3 anos	 Vicente María Sale y Bellido, 3 anos	 José Jorge Nicolás de los Dolores, 3 anos	 Isabel Zendal Gómez	 Membros da expedición

Notas

1. Arquivo da TVG (http://pasouoquepasou.crtvg.es/content/inauguracion-en-1995-da-domus-casa-do-home-da-coruna)
2. Concello da Coruña (http://www.coruna.es/servlet/Satellite?itemID=1446517101328&c=Page&itemType=Suceso&pagename=Smart%2FPage%2FGenerico-Page-Generica&cid=1377134531998&argIdioma=gl)
3. Rivera, Alicia (3 de decembro de 2003). "A Coruña recuerda a los 22 niños que llevaron la vacuna de la viruela a América". *El País (en castelán)*. Consultado o 1 de marzo de 2016.

Véxase tamén



A Galipedia ten un portal sobre: ***A Coruña***

Ligazóns externas

- Páxina web da Casa das Ciencias (http://www.casaciencias.org/gl/)
- MUGA Sistema Galego de Museos (http://www.museosdegalicia.com/plantilla.jsp?num_provincia=null&num_museo=13&num_clasi=6)
- Turgalicia (http://www.turgalicia.es/sit/ficha_datos.asp?ctre=1261&crec=360&cidi=E)